

CM Instalación e amoblamento

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Instalar elementos de carpintería e estruturas de madeira e mobles, realizando os procesos de mecanizado, montaxe, axuste e acabado, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

En que ámbitos se traballa? En empresas dedicadas á montaxe e a instalación de carpintería e amoblamento, e á aplicación de produtos de acabado para o retoque.

Que ocupacións se desempeñan? Xefe/a de equipos de carpinteiros de madeira, carpinteiro/a de armar en construción, carpinteiro/a en xeral, carpinteiro/a de decorados, ebanista e traballador/ora asimilado/a, montador/ora instalador/ora de mobles, fabricante de estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0542	Control de almacén	53
1º	MP0782	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0538	Materiais en carpintería e moble	133
1º	MP0540	Operacións básicas de carpintería	240
1º	MP0541	Operacións básicas de moblaxe	240
1º	MP0539	Solucións construtivas	187
2º	MP0783	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0784	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0780	Instalación de carpintería	210
2º	MP0781	Instalación de estruturas de madeira	140
2º	MP0779	Instalación de moblaxe	87
2º	MP0778	Planificación da instalación	140

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Instalación e Amoblamento

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0778 Planificación da instalación.	UC0163_2 Planificar a instalación e o abastecemento de materiais, máquinas e ferramentas. UC0883_2 Tomar datos e efectuar cálculos para a instalación de elementos de carpintería.
MP0780 Instalación de carpintería.	UC0884_2 Efectuar instalacións de portas e fiestras de madeira. UC0885_2 Efectuar instalacións de revestimentos de madeira e similares.
MP0779 Instalación de moblaxe.	UC0164_2 Compor e fixar a moblaxe, e realizar as instalacións complementarias. UC0165_2 Comprobar o funcionamento e realizar as operacións de axuste e acabado.
MP0781 Instalación de estruturas de madeira.	UC0886_2 Efectuar instalacións de estruturas de madeira.
MP0540 Operacións básicas de carpintería.	UC0160_2 Preparar máquinas e equipamentos de taller.
MP0541 Operacións básicas de moblaxe.	
MP0542 Control de almacén.	UC0171_2 Controlar e organizar compoñentes e accesorios de carpintería e moble.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0163_2 Planificar a instalación e o abastecemento de materiais, máquinas e ferramentas. UC0883_2 Tomar datos e efectuar cálculos para a instalación de elementos de carpintería.	MP0778 Planificación da instalación.
UC0884_2 Efectuar instalacións de portas e fiestras de madeira. UC0885_2 Efectuar instalacións de revestimentos de madeira e similares.	MP0780 Instalación de carpintería.
UC0164_2 Compor e fixar a moblaxe, e realizar as instalacións complementarias. UC0165_2 Comprobar o funcionamento e realizar as operacións de axuste e acabado.	MP0779 Instalación de moblaxe.
UC0886_2 Efectuar instalacións de estruturas de madeira.	MP0781 Instalación de estruturas de madeira.
UC0160_2 Preparar máquinas e equipamentos de taller.	MP0540 Operacións básicas de carpintería. MP0541 Operacións básicas de moblaxe.
UC0171_2 Controlar e organizar compoñentes e accesorios de carpintería e moble.	MP0542 Control de almacén.

Nota. O módulo profesional MP0539: solucións construtivas validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.